

D I T A M E

sobre o anteproxecto de

Lei de creación do **Colexio** Oficial
de **Dietistas–Nutricionistas**
de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 4 DE ABRIL

Ditame
3/13



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

“

ANTECEDENTES

1.- En data 20 de febreiro de 2013 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia, remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado, o 25 de febreiro, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de ditame.

3.- Con data 5 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o día 13 dese mes, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 2/13, acorda aprobar por unanimidade a proposta de ditame, con data 18 de marzo, e a remite á presidenta do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que, na súa sesión 2/13, do 4 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto sometido a ditame está estruturado nunha exposición de motivos, catro artigos titulados, respectivamente, obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal, e colexiación, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O obxecto do anteproxecto de Lei é a creación do Colexio Oficial de Dietistas e Nutricionistas de Galicia, que foi solicitada pola Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas.

Segundo a exposición de motivos do anteproxecto de lei obxecto de ditame, a creación do Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia, constitúe un instrumento de garantía na adecuación do exercicio profesional ás normas e regras que aseguren a protección dos dereitos e intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seu colexiados.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- O CES considera necesario reiterar as consideracións feitas no seu ditame 4/00, de 9 de outubro de 2000, sobre o Anteproxecto de Lei de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que se sinalaba que:

“1.- O Consello Económico e Social de Galicia manifesta as súas reservas sobre a necesidade da existencia de entes (distintos das asociacións ou sindicatos) representativos de intereses profesionais, que, co carácter de corporacións de dereito público, se constitúen para defender os intereses dunha determinada profesión e ós que se lles asignan finalidades de interese público, que poderían ser exercidas pola Administración”.

“2.- Dentro do marco legal básico actualmente vixente, o CES considera que o Anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais de Galicia debería regular só as funcións dos colexios profesionais que teñen que ver coas finalidades de interese público que se lles asignan”

- Considerando a evolución da normativa dos Colexios Profesionais, a Lei 7/1997, de 14 de abril, sobre Medidas Liberalizadoras en Materia de Suelos y de Colegios profesionales, establece que as Comunidades Autónomas garantan que o exercicio de “*profesións colexiadas*” se realizará en réxime de libre competencia e estarán suxeitas, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, como calquera outro subsector económico, á Lei sobre Defensa da Competencia, á Lei sobre Competencia Desleal e ao sometemento á xurisdición do Tribunal de Defensa da Competencia. O R.D. Lei 6/2000, de 23 de xuño, liberaliza o ámbito territorial dos Colexios.

En ningunha normativa se establecen as “*profesións colexiadas*”, nas que é obrigatoria a incorporación ao correspondente colexio para exercer a profesión porque realizan funcións que teñen que ver con finalidades de interese público.

O CES considera que, en defensa do libre exercicio da profesión, e en cumprimento da defensa da competencia (con respecto ás profesións nas que

para o seu exercicio é necesario estar colexiado), a obrigatoriedade de colexiación debería suprimirse ou, en todo caso, ser excepcional.

- A memoria xustificativa do anteproxecto de lei sinala que a creación do colexio oficial resulta de interese público por estar as funcións dos profesionais afectados relacionadas co principio constitucional de protección da saúde pública, dada a contribución eficaz que realizan os titulados universitarios en Nutrición Humana e Dietética, á prevención, tratamento ou curación de enfermidades, beneficiando á saúde individual e colectiva, e exercendo un papel clave na prevención das enfermidades crónicas máis prevalente.

Pois ben, en relación con dita memoria, o CES considera que non se xustifica suficientemente a motivación nun interese xeral preponderante, para a creación do Colexio de Dietistas e Nutricionistas de Galicia, así como tam pouco, os criterios de proporcionalidade, tendo en conta os seguintes motivos:

- Que a existencia ou non dunha determinada titulación académica é independente da creación ou non dun colexio profesional.
- Que a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias non é título habilitante para a creación dun colexio profesional, por canto o recoñecemento por esta Lei se efectúa aos únicos efectos desta e sen prexuízo do disposto nas normas específicas de colexiación.
- Que a regulación dunha profesión como sanitaria non xustifica en si mesmo a creación dun colexio profesional.
- Que a creación do colexio polo criterio da súa vinculación ao concepto de saúde pública non sería acorde co principio de proporcionalidade, pois existirían alternativas menos restritivas para a súa protección ou consecución, como é o caso de existir unha determinada regulación da titulación dos profesionais que se dediquen á actividade de dietista-nutricionista.

- O CES amosa a súa preocupación pola proliferación de colectivos profesionais que, ao abeiro de razóns de interese público non demostradas de maneira indubidable e que conlevan unha obrigatoriedade de colexiación na maioría das veces excluínte, pretenden a creación de colexios profesionais para a defensa de intereses sectoriais alleos ao interese público xeral e que

poden acadarse mediante vías distintas á colexiación, como poden ser as asociativas ou sindicais.

Sen prexuízo da valoración negativa, que no seu conxunto, merece o presente Anteproxecto de Lei para o CES, fórmulanse as seguintes Consideracións Particulares:

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos.

Correspondería facer mención, nun parágrafo final a incorporar á exposición de motivos, de que o anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia

Artigo 1: Obxecto.

O CES entende que a expresión “*dende o momento no que se constituían os seus órganos de goberno*” debería retirarse deste artigo e trasladarse, coas pertinentes modificacións de redacción, a unha disposición transitoria.

Artigo 4. Colexiación.

Parece contraditorio que se requira a colexiación cando así o estableza unha lei estatal, xa que esta norma que se está ditaminar corresponde á

CC.AA. de Galicia. Por tanto, enténdese que se debería eliminar a frase “(...) *cando así o estableza unha lei estatal.*”.

A redacción deste precepto pode facilmente inducir a confusión sobre o carácter obrigatorio da previa colexiación para o exercicio da profesión en Galicia, polo que o CES considera que debería concretarse expresamente o carácter voluntario da mesma.

Así mesmo, o CES asume que, tal como se sinala no informe sobre o sector de servizos profesionais e colexios profesionais da Comisión Nacional da Competencia, a colexiación meramente voluntaria podería constituír unha barreira de entrada, na medida en que da a entender aos usuarios do servizo que existen profesionais de dúas categorías distintas.

Observación Final.

Existen diversos erros (V.gr. no Art. 1.2, no Art. 3, na disposición transitoria 1ª.2, ou na disposición transitoria segunda.1) que demandan, ao entender do CES, unha revisión lingüística do texto do anteproxecto. Por outra parte debería modificarse o título da disposición *derradeira* única, denominándoa disposición ***final*** única, para non contradicir a definición que a Real Academia Galega fai do termo “derradeiro/a”.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013 ”

Vº. e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo. *Corina Porro Martínez*

Asdo.: *Juan José Gallego Fouz*



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

